

INFORME DE SOSTIBILIDADE

COGAMI
EMPRESARIAL
2022




COGAMI
EMPRESARIAL

ÍNDICE

1. Carta do Presidente	4
2. Carta do Conselleiro delegado	6
3. Que queremos compartir con vós	9
4. COGAMI Empresarial	11
4.1 Principais cifras	14
4.2 As nosas unidades de negocio	16
4.2.1 Galega de Economía Social	17
4.2.2 Dixardin	18
4.2.3 Coregal	19
4.2.4 Trameve	21
4.2.5 Cualicar	22
4.2.6 Grafenco	23
4.2.7 Accede Social	24
4.2.8 Integratex	25
4.2.9 Hornos de Lamastelle	26
4.2.10 Alentae	27
4.3 Visión xeral do ano para COGAMI Empresarial	28
4.4 Algúns dos momentos máis destacados	30
4.5 Afianzando a nosa presenza no territorio galego	31
4.6 Sensibilizando a entidades locais en accesibilidade e sostibilidade	33
4.7 “Tres flores” para o Concello de Carballo	34
4.8 Hornos de Lamastelle, aposta continua por acadar a excelencia nos seus procesos	35
4.9 O pequeno <i>packaging</i> , a nova aposta de Grafenco	36

5. As nosas persoas	37
5.1 Principais cifras	38
5.2 Creación de emprego e novas oportunidades	39
Postos de traballo e unidades de negocio	40
Convenios e salarios	40
Conciliación	41
5.3 Alto impacto nos colectivos máis vulnerables	42
5.4 Formación	43
5.5 Igualdade de xénero	44
5.6 Seguridade e Saúde	45
6. Gobernanza	47
6.1 Órganos de goberno	48
6.2 Organigrama	49
6.3 Ética e bo goberno	50
6.4 Aspectos materiais	52
7. Contribuímos a xerar valor	55
7.1 Grupos de Interese	56
7.2 Rede de Creación de Valor	59
7.3 2022: Un ano de actividade social	60
7.4 O noso compromiso ambiental	62
7.5 Cálculo do noso valor social	66
Valor social para o exercicio 2022	67
7.6 Contribuíndo aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible	69
8. Principios sobre os que se asenta esta memoria	73
9. Anexos	77
9.1 Peso específico dos aspectos materiais segundo a unidade de negocio	78
9.2 Convenios laborais de aplicación en COGAMI Empresarial	79
9.3 Datos adicionais	80
9.4 Requisitos Lei 11/2018 EINF	87
9.5 Índice de indicadores GRI	95



CARTA DO PRESIDENTE

Queridas amigas e amigos:

O ano 2022 foi un ano de intenso traballo na consolidación do emprego e na xeración de novas oportunidades laborais para as persoas con discapacidade. O contexto inflacionista actual e os recentes cambios normativos acontecidos ao longo do ano, obrigáronnos a incrementar esforzos na mellora da eficiencia dos procesos así como na identificación de novas liñas de negocio que fagan posible incrementar a solvencia de COGAMI Empresarial, sendo a diversidade dos nosos servizos e produtos unha das nosas fortalezas.

Foi un ano no que avanzamos na automatización e dixitalización, o que nos posibilitou manter a nosa competitividade, sen esquecer as certificacións de calidade acadadas, evidencias do bo facer e a profesionalidade que promove a Organización. Destacar tamén os investimentos realizados na adquisición de bens e maquinaria, as novas liñas



Anxo Queiruga, Presidente de COGAMI Empresarial.

[2-23, 2-24]

de actividade postas en marcha ou a consecución de novos contratos.

Tamén foi tempo para a reflexión interna e a toma de decisións que probablemente marcarán o futuro da Organización. Neste sentido, o IV Plan Estratéxico abre camiño cara á sostibilidade social, económica e medioambiental da Organización o que nos permitirá, sen dúbida, avanzar no cumprimento da nosa misión: A PLENA INCLUSIÓN DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

Dende COGAMI Empresarial comprácenos compartir con todas e todos vós esta memoria correspondente ao ano 2022 e visibilizar dende estas liñas a actividade dos nosos Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social nos que, a través dos produtos e servizos que ofrecen, está a base sobre a que se asenta a nosa

actividade: a xeración de emprego e a promoción do talento das persoas con discapacidade, contribuíndo á xeración de riqueza na nosa contorna e á cohesión social do noso territorio.

Despídome agradecendo a confianza depositada por todas e todos vós na nosa Organización, e animovos a coñecer o traballo realizado polo grande equipo que conforma COGAMI Empresarial.

Unha aperta,

Anxo Queiruga Vila.

**Presidente de Galega de Economía Social-
COGAMI Empresarial.**

“O IV Plan Estratéxico permitiranos, sen dúbida, avanzar no cumprimento da nosa misión:
**A PLENA INCLUSIÓN
DAS PERSOAS CON
DISCAPACIDADE”.**

CARTA DO CONSELLEIRO DELEGADO

Queridas amigas e amigos de COGAMI Empresarial:

Nesta primeira ocasión na que me dirixo a vós, quixera comezar facéndo-vos partícipes da enorme ilusión que para min supuxo asumir o pasado mes de agosto de 2022 o cargo de conselleiro delegado de Galega de Economía Social. Dende que aló polos anos 90, da man de Domingos Dosil, se puxeran en marcha as primeiras iniciativas empresariais do Grupo foron moitas as vicisitudes e os cambios que, con valor e determinación, houbo que afrontar para garantir a supervivencia e a consolidación dun grupo empresarial particular e pioneiro na nosa comunidade. Todo o esforzo empregado e o camiño percorrido dende entón non se pode entender sen atender ás profundas conviccións, principios e valores que impulsan a nosa actividade diaria e que contribúen a deseñar unha cultura empresarial propia orientada a acadar obxectivos de inclusión e xustiza social.

Esta particular concepción do mundo da empresa actúa como un sólido alicerce que nos permite encarar as adversidades do día a día coa forza, a ilusión e a determinación de quen sabe que máis aló dos números e dos balances existe unha realidade social que require da nosa acción transformadora.

Todas e cada unha das máis de cincocentas persoas que traballamos neste gran proxecto que representa COGAMI Empresarial contribuímos co noso esforzo e traballo diarios a levar a cabo esa acción transformadora na procura dunha sociedade máis xusta e inclusiva garantindo a xeración e o mantemento de oportunidades de emprego para as persoas con discapacidade na nosa comunidade.

Neste punto considero necesario subliñar de xeito moi especial o importante legado de esforzo e traballo recibido da persoa que me precede no cargo, Ramón Sestayoy. A súa traxectoria ao



Victor Silva, Conselleiro delegado e Representante legal de Galega de Economía Social.

fronte do Grupo constitúe un claro exemplo de compromiso e tenacidade e unha fonte inspiradora para todas as persoas que formamos parte deste Grupo e, en particular, para quen asume o seu relevo.

Respecto a como transcorreu o exercicio 2022 cabe destacar que as nosas iniciativas empresariais non foron alleas aos numerosos cambios lexislativos, económicos, xeopolíticos, etc. que tiveron lugar ao longo deste ano, se ben a incidencia destes cambios non afectou a todas de igual modo nin coa mesma intensidade, debido principalmente á multiplicidade e heteroxeneidade dos sectores nos que estas operan. Neste sentido, cómpre sinalar que unha das fortalezas que temos como Grupo radica precisamente na capacidade de saber aproveitar esa diversidade sectorial e utilizala como un instrumento de corrección que permite que, aínda que algunha das iniciativas empresariais pase por dificultades nun determinado momento

ou exercicio económico, no conxunto do Grupo poidamos seguir medrando e garantindo a supervivencia e viabilidade daquelas iniciativas que de forma conxuntural se atopen nunha maior tensión.

Durante o último ano, varias das nosas empresas lograron expandirse e crear emprego grazas á consecución e renovación de diferentes e importantes contratos tanto con entidades públicas como privadas. Polo que respecta ao Sector Público algúns dos contratos asinados seguiron a modalidade prevista na DA 4º da Lei de Contratos do Sector Público o que demostra o compromiso e a aposta dalgúns concellos e outras administracións públicas de fomentar o emprego entre un dos colectivos con maiores dificultades para participar e competir no mercado laboral ordinario. De cara ao futuro, debemos seguir fortalecendo as nosas alianzas tanto co sector público como co privado co obxectivo de lograr unha maior sensibilización e implicación

de ambos na consecución dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

É o meu obxectivo persoal e profesional que todas as persoas que formamos parte de COGAMI Empresarial nos sintamos partícipes de todos os logros acadados e camiñemos xuntas en seguir consolidando este proxecto conxunto tan ilusionante.


A seguinte memoria é un exercicio de síntese e transparencia para dar a coñecer a nosa realidade. Nela non só se abordan os aspectos empresariais, senón tamén os impactos e relacións positivas que buscamos xerar na nosa contorna.

Atentamente,

Víctor Silva Suárez.

Conselleiro delegado e Representante legal de Galega de Economía Social.

[2-23-a]



CAPÍTULO 3

Que queremos
compartir con vos



QUE QUEREMOS COMPARTIR CON VÓS

Outro ano máis, dende COGAMI Empresarial, queremos compartir con vós os aspectos máis relevantes que marcaron a realidade das nosas empresas durante o ano 2022.

Esta memoria ten por obxecto trasladar información de relevancia aos nosos Grupos de Interese, así como ofrecer unha perspectiva integral do que significa COGAMI Empresarial, ofrecendo non só información financeira, senón tamén dos asuntos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG), nos que a nosa actividade ten un maior impacto e xera valor social.


Este é o cuarto ano consecutivo que elaboramos unha memoria destas características, aínda que será a primeira que se rexistre xunto coas contas consolidadas do Grupo dando así resposta ao cumprimento legal que nos aplica¹. Máis alá deste requirimento legal, a elaboración deste documento volve amosar o compromiso coa transparencia e rendición de contas, e tamén a

súa importancia como ferramenta estratéxica e de xestión.

Esperamos que ao longo das seguintes páxinas, poidades coñecer con máis detalle a nosa implicación e compromiso na aportación de valor dentro da economía social de Galicia.

Ante calquera cuestión relativa á información e datos contidos nesta memoria, podes contactar con nós en:

ges@galegadeeconomiasocial.gal



¹– Lei 11/2018, do 28 de decembro, pola que se modifica o Código de Comercio, o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2010, do 2 de xullo, e a Lei 22/2015, do 20 de xullo, de Auditoría de Contas, en materia de información non financeira e diversidade.



CAPÍTULO 4

COGAMI Empresarial



COGAMI EMPRESARIAL

A finalidade de **COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade)**, como entidade social, é traballar para a plena inclusión das persoas con discapacidade a través da defensa e promoción dos seus dereitos e a reivindicación do cambio social.

COGAMI nace para aglutinar e potenciar o movemento asociativo en favor dos dereitos das persoas con discapacidade en Galicia. Constitúese como organización en 1990 e pronto se identifica o emprego como panca fundamental para camiñar cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Desta forma, e como resposta a esta necesidade, no transcurso dos últimos trinta anos foron impulsándose diferentes iniciativas empresariais que, a día de hoxe, son exemplo de solvencia e estabilidade á hora de promover a inclusión social das persoas con discapacidade a través do emprego e xerar valor social na comunidade galega.

O **emprego** forma parte da misión e visión de COGAMI:

- **Misión:** Acadar a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.
- **Visión:** Ser un movemento asociativo consolidado e amplamente recoñecido pola sociedade en xeral, polos seus valores e liderado na busca de novas metodoloxías de traballo coas persoas con discapacidade e na prestación de servizos de excelencia dirixidos ás mesmas.

“O emprego é un elemento fundamental para favorecer a inclusión das persoas na sociedade.”

Na actualidade, o **Grupo COGAMI Empresarial** está formado por nove iniciativas que, a través do esforzo conxunto, buscan crear valor e emprego de calidade para as persoas con discapacidade en Galicia a través de proxectos competitivos e xeradores de confianza. Todas estas iniciativas están cualificadas como **Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social (CEEIS)**, e operan en sectores tan heteroxéneos como o medio ambiente, o *retail* téxtil, as artes gráficas, a alimentación, a produción de material sanitario ou o transporte adaptado.

O ámbito territorial no que operan principalmente as nosas empresas é Galicia, porén, varias delas teñen presenza no mercado nacional e tamén nalgúns países da nosa contorna.




Como COGAMI Empresarial, tamén participamos e colaboramos activamente en agrupacións e asociacións vinculadas á economía social como poden ser a Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Ánimo de Lucro (CEGASAL) ou o Foro pola Economía Social Galega (FOROESGAL).

Os **Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social** (CEEIS) forman parte do que se coñece como Economía Social, sendo un dos principios reitores da primacía das persoas e do fin social sobre o capital. Un CEEIS debe:

- Realizar unha actividade productiva de mercado, asegurando **un emprego remunerado para as persoas con discapacidade**.
- Ter, como mínimo, un **70 % de persoas con discapacidade** no seu cadro de persoal.
- Estar promovidos e participados en máis dun **50 % por unha entidade sen ánimo de lucro ou de carácter social**.




Proceso de fabricación de empanadas en Hornos de Lamastelle.




4.1

PRINCIPAIS CIFRAS


PRINCIPAIS CIFRAS ECONÓMICAS DO GRUPO COGAMI EMPRESARIAL CONSOLIDADAS



PERSOAS TRABALLADORAS
CON DISCAPACIDADE



80 % CONTRATOS INDEFINIDOS



500

Persoas traballadoras

136

Mulleres

364

Homes

9

Centros Especiais
de Emprego de Iniciativa social



23.261.251,58 €

Cifra de negocio

-185.160,60 €

Resultado antes de impostos

1.497.339,35 €

Investimentos

9.158.221,55 €

Pagos en salarios

644.835,67 €

Pagos á Seguridade Social

255.620,87 €

Impostos pagados sobre beneficios

19.715.294,13 €

Pagos a provedores

3.079.740,35 €

Subvencións e axudas públicas

O NOSO EQUIPO



PERSOAL
DIRECTIVO

8

persoas
traballadoras

XERENCIAS

8

persoas
traballadoras

MANDOS
INTERMEDIOS

34

persoas
traballadoras

PERSOAL
TÉCNICO

91

persoas
traballadoras


PERSOAL
OPERARIO

359

persoas
traballadoras

4.2

AS NOSAS UNIDADES DE NEGOCIO



MEDIO AMBIENTE

ARTES GRÁFICAS

PRODUTO SANITARIO



TRANSPORTE
DE PERSOAS

RETAIL TÉXIL

ALIMENTACIÓN

AUTOMOCIÓN

4.2.1



Galega de Economía Social (GES) actúa de **empresa matriz do Grupo Empresarial** de COGAMI. É a entidade a partir da cal se impulsan as políticas e estratexias que abranguen a todo o Grupo, realizando tamén o labor de control das unidades de negocio. Ademais, tamén ofrece apoio en consultaría e asesoría ás empresas en diversos ámbitos: laboral, recursos humanos, económico-financeiro, prevención de riscos laborais, calidade, comunicación e estratexia de negocio.



2022

No mes de agosto, Ramón Sestayo Lestón, quen dende 2007 desempeñou o cargo de Conselleiro delegado do Grupo de Empresas, Administrador Persoal Único, deixou o cargo en favor de Víctor Silva Suárez, quen anteriormente coordinaba a Área Xurídica en COGAMI.

Durante o ano, Galega de Economía Social continuou realizando o seu labor habitual de apoio ás empresas no ámbito da xestión administrativa, laboral e captación de persoal, e control financeiro e fiscal. Ademais fíxose o seguemento da

implantación dos distintos plans de igualdade en vixencia, deuse apoio na consecución e renovación de certificacións de calidade e promoveuse o estudio de valoración psicosocial no conxunto de todas as empresas. Realizouse o primeiro cálculo da pegada de carbono en Dixardín, Coregal e Accede Social, coa intención de levalo a cabo

en máis iniciativas do grupo proximamente e introduciilo como unha acción precisa na estratexia ambiental de todas as empresas que conforman COGAMI Empresarial. Por outra banda, tamén se deu apoio técnico a varios proxectos dirixidos á mellora competitiva dalgunha das unidades de negocio.





Dixardín ofrece **servizos integrais de xardinería e paisaxismo** dirixidos tanto ao cliente público como privado. Grazas á súa dilatada experiencia, ofrece solucións aplicando os principios de sostibilidade e accesibilidade universal nos seus traballos.





2022

En 2022 Dixardín continúa a tendencia positiva existente nos últimos anos incrementando a súa facturación nun 27,5 % grazas principalmente aos traballos que realiza a través do mantemento de zonas verdes e obra pública; nesta liña, un dos fitos a destacar foi a consecución do contrato de “Dito e Feito”, Plan de Embelecemento de Lugo para os anos 2022-2023.

A entrada de novos servizos como o comentado anteriormente, permitiu compensar a redución da marxe económica que experimentaron outros traballos vencellada, principalmente, aos altos custos do combustible.

Neste ano, Dixardín incrementou o seu cadro de persoal en 10 persoas respecto ao 2021.

[2-6-a, 2-6-b, 2-7-a, 2-1-1]



MEDIO AMBIENTE

4.2.3



Xestión integral de residuos

Coregal céntrase na **xestión integral de residuos non perigosos** e na procura de acadar a máxima redución, reciclaxe e valorización dos mesmos, aliñando os seus servizos cos principios da economía circular.

2022




A pesares de que o ano 2021 foi un dos mellores de facturación da empresa, motivado principalmente pola alta demanda de papel, cartón e plástico reciclado; o ano 2022 estivo marcado por unha volatilidade á baixa dos prezos destes materiais valorizables, especialmente a partir da segunda metade do ano, o que provocou unha alta competencia entre as empresas do sector. Aínda así, mantívose a tendencia positiva do ano anterior, pese a darse unha redución da facturación do 1 %.

Tamén foi un ano marcado pola incerteza derivada dos cambios legislativos aprobados¹

(Lei de Residuos, novas taxas para as verteduras e incineración de plásticos, Lei de cambio climático...) que supoñen grandes retos de adaptación para todos os actores, pero tamén ofrecen novas oportunidades de crecemento. Neste senso, traballouse para potenciar acordos comerciais con distintas empresas fabricantes e proveedoras de solucións de sensotrónica para dar resposta ás demandas dos concellos aos que presta servizo. Un exemplo disto son os case 400 sensores volumétricos instalados nos contedores

de Santiago de Compostela requiridos na licitación da recollida do papel no municipio. A consecución deste servizo na capital galega para os vindeiros 10 anos, supuxo un dos grandes logros da empresa neste período.

Ademais, tamén se traballou en ampliar as actuacións vinculadas á sensibilización ambiental, liña de negocio que se espera seguir consolidando nos vindeiros anos.



MEDIO AMBIENTE

¹-Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular. Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.



Santiago de Compostela, Boiro, Carballo e Mos

4 Ecoplantas



11

Puntos Limpos

ISO 9001 Sistema de xestión da calidade

ISO 45001 Sistema de xestión da seguridade e a saúde no traballo



ISO 14001 Sistema de xestión ambiental

Certificacións



Outras cifras

Durante 2022 xestionáronse

37.246,44 Tn de residuos

Parque de vehículos de **55 camiións**



4.2.4



Trameve é un **Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos Fóra de Uso (VFU)**, xa sexa por sinistro ou fin de vida útil. Conta cunhas instalacións de 14.400 m² localizadas na contorna de Santiago de Compostela.

A súa actividade focalízase en realizar procesos seguros e respectuosos co medio ambiente aliñados cos principios da economía circular e promovendo a reutilización de pezas e fomentando, ao mesmo tempo, a xestión responsable dos residuos.

2022

Trameve voltou a amosar uns resultados moi positivos, cun incremento dun 6 % nos seus beneficios, feito que o afianza como un dos negocios de referencia na venda de pezas de recambio na contorna de Santiago de Compostela.

Estes resultados son froito da boa xestión realizada nos últimos anos, sumada ás circunstancias particulares do mercado actual (suba de prezos dos vehículos novos, maior conciencia ambiental

e tendencia a alongar a vida útil do vehículo) que provocan unha maior demanda de pezas de recambio. Destexeito, pese a ter diminuído o número de VFU xestionados, aumentaron as unidades de pezas vendidas.

Trameve segue a fortalecer tamén as súas canles de venda dixitais co propósito de seguir adaptándose ás demandas dos clientes e ás novas tendencias do sector.



506.640,45 €

Cifra de **negocio**

139.911,64 €

Resultado da **explotación**

10.707,74 €

Investimento realizado



11

Homes

11

Total persoas traballadoras



91,67 %

Persoas traballadoras con **discapacidade**



Santiago de Compostela

1 centro de traballo



ISO 9001 Sistema de xestión da calidade

ISO 14001 Sistema de xestión ambiental

Certificacións



Outras cifras

11.019 pezas vendidas

(+ 3 % respecto a 2021)



MEDIO AMBIENTE

Cualicar é unha marca comercial dirixida á **venda de vehículos seminovos multimarca**, cunha antigüidade de entre 0 a 3 anos, e cunha quilometraxe inferior a 50.000 km. Ofrece a opción de compra *online* completa, ademais da posibilidade de financiamento e entrega do vehículo na porta.

Esta é unha liña de negocio nacida a partir de Trameve pero que, por estratexia comercial, confórmase como unidade de negocio propia.

2022

Grazas a elaboración dun novo plan de *marketing* que se levou a cabo durante o ano, fíxose unha aposta por fortalecer o coñecemento da marca, melloráronse as canles comerciais dixitais e a estratexia de compra-venda que permitiu aproveitar as oportunidades de mercado que se sucederon durante este 2022, posibilitando acadar resultados positivos para este período. Froito deste impulso na dixitalización, Cualicar está a experimentar un cambio no perfil do comprador/a. Se ben nos seus inicios o groso das vendas dábanse principalmente en Galicia, por segundo ano consecutivo pecháronse máis transaccións fóra que dentro da comunidade galega.

[2-6-a, 2-6-b, 2-7-a, 405-1]



954.272,81 €

Cifra de negocio

49.789,89 €

Resultado da explotación

0 €

Investimento realizado



1

Mulleres

1

Total persoas traballadoras



Santiago de Compostela


1 centro de venda



Outras cifras

Vehículos vendidos totais 41
(+ 32 % respecto a 2021)

Vehículos vendidos fóra de Galicia 30
(+ 36 % respecto a 2021)



AUTOMOCIÓN

Grafinco está especializada no deseño e impresión, e posúe unha ampla gama de produtos gráficos entre os que se inclúe o pequeno *packaging*, un produto que está a ter unha gran acollida por parte da clientela. Tamén ofrece o servizo de compra de todo tipo de material de oficina a través da súa *web*.

A escoita activa das necesidades da/o cliente, unida a unha longa traxectoria no sector, son a base para acadar o mellor resultado: dende a idea inicial ata a impresión final.

2022

Durante este período Grafinco experimentou un aumento moi significativo nas vendas, un 32,6 % máis que o ano anterior, ademais, a liña dedicada ao *packaging* de pequeno formato posta en marcha durante o 2021, continuou a consolidarse como un servizo con demanda crecente.

A suba dos prezos das materias primas, que tivo un alto impacto nas empresas do sector da imprenta e editorial, fixo que as marxes resultantes non fosen as esperadas.

[2-6-a, 2-6-b, 2-7-a, 405-1]



898.823,14 €

Cifra de negocio

89,19 €

Resultado da explotación

2.129,31 €

Investimento realizado



3

Mulleres

10

Homes

13

Total persoas traballadoras



92,31 %

Persoas traballadoras con discapacidade



Lugo

1 centro de impresión



FSC (Forest Stewardship Council)

Xestión Forestal Sostible

Certificacións




Outras cifras

Distribución da actividade por volume de vendas


Merchandising
27,51 %

Troquelados /Packaging
11,74 %



Impresión
(libros, revistas e outros materiais impresos)

60,76 %





Accede Social ofrece **servizos de transporte adaptado** dirixidos a persoas con discapacidade, mobilidade reducida ou en situación de dependencia.

2022

O ano 2022 foi un período moi convulso para a maior parte das empresas do transporte polo aumento dos custos do combustible, en parte paliadas polas axudas públicas ao sector, así como a suba de prezos tanto de novos vehículos como de pezas e recambios. Se ben esta realidade non foi allea para Accede Social, a empresa acadou este ano resultados moi positivos grazas á renovación en febreiro do contrato de transporte do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, supoñendo un novo comezo para a actividade que viña realizando.

A consecución deste contrato tamén supuxo absorber en forma de subrogación a novo persoal, incrementando o número de persoas traballadoras da empresa nun 21 %.

Durante este ano tamén se executou a compra de tres novos vehículos, que se recibirán durante o 2023, co obxectivo de seguir avanzando na renovación do parque de vehículos.

[2-6-a, 2-6-b, 2-7-a, 405-1]

Ademais, durante todo o 2022 traballouse no II Plan de Igualdade da empresa, quedando este aprobado no mes de novembro.



1.498.608,85 €

Cifra de **negocio**

222.009,79 €

Resultado da **explotación**

243.562,02 €

Investimento realizado



31

Mulleres

43

Homes

74

Total persoas traballadoras



82,43 %

Persoas traballadoras con discapacidade



Santiago de Compostela e Mos

2 centros de traballo



Outras cifras

Desprazamentos nas diferentes rutas


86.176 desprazamentos anuais

Persoas beneficiarias do transporte adaptado

366 persoas

Parque de vehículos

33 vehículos



TRANSPORTE DE PERSOAS

INTEGRATEX

Integratex é un proxecto froito da alianza con Inditex baseado na **xestión de tendas outlet baixo o modelo de franquía** no marco do seu programa “form & from”. Está composto polas marcas Massimo Dutti, Tempe e Pull&Bear. Nelas, **comercialízase roupa, calzado e complementos**.

2022

A tenda de Massimo Dutti de Allariz estivo de aniversario ao cumprirse 15 anos dende a súa apertura ao público. Cun equipo de 22 persoas traballadoras das que un 95 % ten algún tipo de discapacidade, a aposta de Integratex segue a ser a mesma que no seu comezo. Por unha banda, traballar de maneira continua para ofrecer a mellor atención e experiencia a todas as persoas que visitan as nosas tendas, e por outra, seguir formando e xerando oportunidades de emprego ás persoas con maiores dificultades de empregabilidade.

No plano económico, Integratex continuou a súa recuperación tras a baixada de vendas sufrida durante os anos máis duros da pandemia, cunha recuperación da facturación do 39 % respecto ao 2021, o que permitiu acadar os obxectivos marcados ao inicio do ano.

Ainda así, nos últimos meses, experimentouse un descenso no consumo, derivado principalmente pola incerteza económica e a suba dos prezos. Esta realidade está a ser máis patente nas tendas localizadas en Allariz.



1.351.946,70 €

Cifra de **negocio**

99.080,09 €

Resultado da **explotación**

17.786,40 €

Investimento realizado



18

Mulleres

4

Homes

22

Total persoas traballadoras



95,45 %

Persoas traballadoras con discapacidade



Ferrol e Allariz

3 tendas (1 en Ferrol e 2 en Allariz)



Outras cifras

124.822 artigos vendidos



RETAIL TÉXTEL

4.2.9



Hornos de Lamastelle dedícase á **fabricación e distribución**, tanto dentro coma fóra de Galicia, dunha **gran variedade de tipos de empanada, Tarta de Santiago** con Indicación Xeográfica Protexida, así como outros **produtos de repostería** en distintos tamaños e formatos atendendo ás necesidades de cada cliente.

2022

As tendencias observadas ao remate do ano 2021 (alza dos prezos de materias primas e enerxía, a inflación...) continuaron durante este ano tendo un forte impacto na actividade de Hornos de Lamastelle. Por segundo ano consecutivo, a empresa aumentou a súa produción, dato que se reflicte na cantidade de masa enforcada, e tamén incrementou a facturación respecto ao 2021. Porén, as tensións existentes no mercado fixeron que esta mellora nas vendas e na produtividade non se vise reflectida nos resultados.

Para afrontar os retos a curto e medio prazo que se esperan no sector, a empresa continúa co obxectivo de seguir mellorando a eficiencia

dos procesos produtivos e a calidade. Nesta liña, estiveron enmarcados dous proxectos nos que participou Hornos de Lamastelle: un deles en colaboración con outros axentes do sector

a través de CLUSAGA (Clúster Alimentario de Galicia), e outro, apoiado polo FSE a través de CEPES (Confederación Empresarial Española de la Economía Social).



6.329.072,29 €

Cifra de **negocio**

382.620,05 €

Resultado da **explotación**

108.401,97 €

Investimento realizado



32

Mulleres

60

Homes

92

Total persoas traballadoras



92,57 %

Persoas traballadoras con discapacidade



Oleiros

1 fábrica

A Coruña

1 tenda



ISO 9001 Sistema de xestión da calidade

ISO 22000 Sistema de xestión da seguridade alimentaria

Certificacións



Outras cifras

2.360 Tn. enforcadas



ALIMENTACIÓN

[2-6-a, 2-6-b, 2-7-a, 405-1]

4.2.10



Alentae xorde como marca comercial a finais do ano 2020 e centra a súa actividade na **fabricación e venda de máscaras cirúrxicas**.

2022

A normalización da situación do Covid-19 trouxo consigo importantes cambios legislativos (fin das restricións e uso obrigatorio das máscaras en interiores) que tiveron un forte impacto negativo na actividade de Alentae. Isto provocou que, pese aos esforzos realizados tanto en acadar unha notable mellora na capacidade produtiva como en ampliar a carteira de empresas clientes, se producira un drástico descenso na demanda de máscaras que obrigou a ter que reducir nun 50 % o número de persoas traballadoras da empresa no mes de decembro.



357.092,17 €

Cifra de **negocio**

-1.667.180,42 €

Resultado da **explotación**

176.358,28 €

Investimento realizado



3

Mulleres

5

Homes

8

Total persoas traballadoras



75 %

Persoas traballadoras con discapacidade



Bergondo

1 fábrica

Homologación por parte da Agencia Española de Medicamentos y Productos Sanitarios

ISO 9001 Sistema de xestión da calidade

ISO 13485 Sistema de xestión do produto sanitario



Certificacións



Outras cifras

Máscaras vendidas

6.414.350 unidades




PRODUTO SANITARIO

[2-6-a, 2-6-b, 2-7-a, 405-1]

4.3

UNHA VISIÓN XERAL DO ANO PARA COGAMI EMPRESARIAL



■ Un ano máis
COGAMI Empresarial
demostra a súa solvencia
e fortaleza como
proxecto empresarial.



■ A diversidade de
sectores nos que
operamos, unha
vantaxe para a
estabilidade do
Grupo.

Permitenos seguir
respondendo
á nosa misión



■ Xerar valor social e
oportunidades de
emprego para as
persoas con
discapacidade.

[2-6-a, 2-6-b]

CONDICIONANTES EXTERNOS



Contexto global incerto con impacto a nivel rexional e local



■ Suba do prezo das materias primas e a enerxía.



Forte redución das marxes de produción nos produtos alimentarios, de imprenta e alto uso dos vehículos (Hornos de Lamastelle, Grafinco, Dixardín, Accede Social e Coregal).



■ Aumento da demanda dos materiais valorizables e alta competitividade no sector.



Redución das marxes comerciais na xestión do papel e do plástico e aumento da competencia no sector (Coregal).



■ Aumento da demanda de pezas e vehículos seminovos pola alza nos custes e retrasos nas entregas de automóviles novos.



Trameve e Cualicar obteñen os seus mellores resultados económicos dende a súa creación.



■ Entrada en vigor de numerosa lexislación ambiental vinculada á xestión de residuos.



Novos retos para adaptarse á nova normativa e oportunidade de crecemento grazas á mesma: novos sistemas de recollida e segregación dos residuos, valorización de materiais, compostaxe, accións de sensibilización (Coregal e Dixardín).



■ Fin das restricións COVID e o uso de máscaras en espazos pechados.



Drástica diminución na venda de máscaras cirúrxicas (Alentae).



Consolidación do cliente público e asentamento no territorio galego

• Conséguese importantes contratos de servizos:

- Servizo de transporte para o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Accede Social).
- Servizo de recollida e xestión do papel no Concello de Santiago de Compostela (Coregal).
- Servizo de mantemento de Xardinería "Dito e Feito" no Concello de Lugo (Dixardín).



Diversificación de produto e ampliación da carteira de clientes

- Hornos de Lamastelle crea un equipo interno de innovación e deseño de produto e amplía su presenza no sector HORECA.
- Grafinco consolida a súa aposta polo *packaging* de pequeno formato.
- Cualicar vende a meirande parte dos seus vehículos fóra de Galicia.



Aposta pola tecnoloxía para a mellora da eficiencia e a xeración de valor engadido

- Coregal estreita alianzas con provedores tecnolóxicos para ofrecer solucións aos novos retos na xestión de residuos (novos sistemas de recollida, unha segregación dos residuos máis exhaustiva...).
- Hornos de Lamastelle segue investindo para a mellora da eficiencia dos procesos en base á automatización dos mesmos.
- Trameve e Cualicar fortalecen as súas canles de venda dixitais.

Posibilidades estratéxicas e boa xestión de COGAMI Empresarial para converter os novos retos en oportunidades e seguir mellorando e creando novos postos de traballo para as persoas con discapacidade.

ALGÚNS DOS MOMENTOS MÁIS DESTACADOS

30



4.5

AFIANZANDO A NOSA PRESENZA NO TERRITORIO GALEGO

A finalidade de **COGAMI Empresarial** é promover unha sociedade máis xusta e inclusiva a través da empregabilidade das persoas con discapacidade en Galicia xerando, desta forma, valor social na contorna na que temos presenza. Para acadar este obxectivo, a Administración Pública sitúase como un actor fundamental ao xogar un dobre papel: como impulsora de políticas públicas e como demandante de produtos e servizos. Neste sentido, o 2022, caracterizouse pola **consecución dun alto número de novos contratos**, ou a renovación dalgúns que xa se viñan prestando.

Continuar ampliando a carteira de contratación pública permítenos tamén seguir afianzando a nosa presenza no territorio galego, tanto no ámbito rural como urbano, e seguir xerando oportunidades de emprego e valor na contorna onde prestamos os nosos servizos.



Xardín deseñado e elaborado por Dixardín en Carballo. A Coruña.



Alguns dos servizos que presta COGAMI Empresarial a entidades públicas realízanse a través de **contratos reservados**. Este tipo de contratación, consiste en limitar a participación en determinados contratos a **Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social e Empresas de Inserción reguladas**.

Esta medida busca cumprir cos obxectivos de igualdade de oportunidades e non discriminación, e é mostra do compromiso social asumido polas diferentes Administracións Públicas.



- Mantemento de zonas verdes e Centros de Saúde. Axencia da Xerencia Integrada da Coruña. Concello de Silleda.
- Contrato “Dito e Feito”. Embelecemento da Cidade EDUSI (Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado). Concello de Lugo (Contrato reservado).
- Mantemento do C.R.A.P. (Centro de Rehabilitación e Autonomía Persoal). Concello de Bergondo.
- Mantemento de Zonas Verdes. Concello de Corcubión. (Contrato reservado).
- Mantemento de zonas verdes da Dirección Xeral de Mobilidade de Área Central. Concello de Santiago de Compostela.



- Servizo de recollida de cartón. Concello de Santiago de Compostela. (Contrato reservado).
- Servizo de implantación da recollida de residuos orgánicos. Concello de Salceda de Caselas. Pontevedra.
- Servizo de implantación da recollida de residuos orgánicos. Concello de Carballo. (Contrato reservado).
- Servizo de recollida de voluminosos no Concello de Arteixo. (Contrato reservado).



[2-4,2-6]

4.6

SENSIBILIZANDO A ENTIDADES LOCAIS EN ACCESIBILIDADE E SOSTIBILIDADE

Durante os anos 2021 e 2022, varias das iniciativas de COGAMI Empresarial abordaron un proxecto dirixido a xerar sinerxías entre elas, explorando potenciais novos servizos e actividades que ofrecer aos concellos galegos co propósito de aportar un valor engadido ás solucións xa ofrecidas polas distintas empresas de forma individual.

Un dos resultados desta acción conxunta foi a elaboración de tres guías de boas prácticas e de contidos técnicos sobre: accesibilidade universal, organización de eventos sostibles e sinalización e adecuación de roteiros. Estes documentos están a disposición pública e están dirixidos aos concellos galegos.

O proxecto foi apoiado pola Confederación Empresarial Española de la Economía Social (CEPES) co financiamento do Fondo Social Europeo.



Guías de boas prácticas dirixidas aos concellos, elaboradas co apoio de CEPES co financiamento do Fondo Social Europeo.


TRES FLORES PARA O CONCELLO DE CARBALLO

Dixardín leva xa cinco anos traballando na conservación e mantemento das zonas verdes do Concello de Carballo. Máis aló das tarefas do día a día, tamén imparte formación específica sobre poda e coidado de plantas, e colabora activamente co concello na promoción de campañas de sensibilización e educación ambiental como poden ser as campañas de coidado das hortas locais ou a entrega dun carballo a cada cativo nado no municipio durante o ano, que son plantados durante o Día Internacional dos Bosques na “Carballeira do Futuro”.

O traballo realizado neste tempo comeza a ser recoñecido. Proba deste bo facer é a consecución de **Tres Flores** por parte do Concello no concurso **Vilas en Flor** que premia a excelencia no coidado e mantemento dos seus espazos verdes. Esta iniciativa está promovida pola Asociación Galega de Empresas de Xardinería (AGAEXAR) e a Asociación de Viveiristas do Noroeste (ASVINOR), co apoio da Fundación Juana de Vega no marco de traballo para a mellora integral do territorio e a

paisaxe en Galicia. A consecución desta distinción supón un gran prestixio para os concellos, ao tempo que promove o coidado e mellora dos espazos verdes das vilas galegas.

O traballo de Dixardín é un exemplo de como a iniciativa social pode ser unha forza positiva para a sostibilidade o medio ambiente.



Entrega do premio “Tres Flores” no concello de Carballo.

HORNOS DE LAMASTELLE, APOSTA CONTINUA POR ACADAR A EXCELENCIA NOS SEUS PROCESOS

Hornos de Lamastelle traballa día a día na mellora continua da súa actividade, buscando maximizar a súa eficiencia produtiva, garantindo a máxima calidade nos seus procesos e produtos, e explorando novas oportunidades de mercado para continuar sendo un referente no seu sector. Unha mostra disto é que a empresa foi recoñecida, por segundo ano consecutivo, como “*Empresa ben xestionada*” nos Premios Ardán, promovidos polo Consorcio da Zona Franca de Vigo.


Durante o último período do ano 2022, remataron dous proxectos nos que Hornos de Lamastelle participou e que foron esenciais para seguir afianzando este afán de mellora continua.

Un deles, permitiu un salto cualitativo ao adaptar os seus procesos e procedementos internos aos requirimentos do **estándar IFS (International Food Standard)**¹, un dos máis estritos da

¹—Hornos de Lamastelle aínda non conta con esta certificación, aínda que si traballou para adaptarse aos seus requirimentos. Está previsto abordar a obtención do certificado durante o ano 2023.

industria alimentaria e altamente recoñecido a nivel internacional. No transcurso destas accións formouse ao 80 % das persoas traballadoras da empresa para que coñecesen como estes cambios aplican ás súas tarefas diarias. Ademais, este proxecto tamén trouxo consigo a creación dun equipo interno dirixido á innovación de produtos e contribuíu á certificación na ISO 22000, sobre seguridade alimentaria e dirixida a asegurar a inocuidade dos alimentos ao longo de toda a cadea alimentaria.

Por outra banda, tamén participou na iniciativa *PHOTONICS4BAKERY*, impulsada polo Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA) en colaboración con outros seis socios do sector da industria panadeira co propósito de avanzar na transformación dixital mediante a aplicabilidade das tecnoloxías fotónicas na mellora dos procesos. Esta tecnoloxía utilizouse principalmente na detección de elementos improprios nas materias primas ou nas masas que conforman o produto final.



Proceso de fabricación de empanadas en Hornos de Lamastelle.

O PEQUENO PACKAGING, A NOVA APOSTA DE GRAFINCO

Todas as nosas empresas deben estar sempre atentas ás demandas e oportunidades que se dan no mercado na procura de diversificar e facer sostible a súa actividade. **Grafinco** ten unha traxectoria de máis de 25 anos ofrecendo unha ampla gama de servizos de impresión aos seus clientes (impresión dixital e *offset*, gran formato e deseño gráfico).

En setembro do 2021 Grafinco apostou por **investir en maquinaria** nova e incluír na súa oferta de servizos o deseño e fabricación de pequeno *packaging*.

Este novo servizo está a ter unha gran acollida por parte das empresas compradoras que buscan mellorar a súa imaxe de marca a través de envases sostibles e de alta calidade. Con esta nova aposta, Grafinco móstrase como unha empresa capaz de ofrecer solucións innovadoras e adaptarse ás novas necesidades do mercado.



Deseños de pequeno *packaging* elaborados por Grafinco.

CAPÍTULO 5

As nosas persoas



AS NOSAS PERSOAS


Dende a perspectiva de que o emprego é unha das principais canles para favorecer a inclusión na sociedade, **xerar e ofrecer oportunidades laborais para as persoas con discapacidade en Galicia** é a razón de ser de COGAMI Empresarial. O compromiso social e humano coas persoas que forman parte das nosas iniciativas empresariais é parte inherente da nosa cultura como Organización, sendo elas o principal valor sobre o que se asentan as nosas actividades.

Esforzámonos día a día en promover contornas normalizadas e xerar alianzas que permitan o desenvolvemento profesional de todas as persoas en igualdade de oportunidades. Ademais, sempre que é preciso, ofrecemos apoio e buscamos a adaptación das tarefas en función das necesidades específicas de cada persoa traballadora.




[2-7-a, 2-7-b, 405-1]


PRINCIPAIS CIFRAS




PERSOAS TRABALLADORAS



PERSOAS TRABALLADORAS
CON DISCAPACIDADE



80 % CONTRATOS INDEFINIDOS



POR TIPO DE DISCAPACIDADE

5.2

CREACIÓN DE EMPREGO E NOVAS OPORTUNIDADES


COGAMI Empresarial segue a ser un ano máis o principal empregador de persoas con discapacidade en Galicia, cun cadro de persoal de 500 persoas.

Durante o ano 2022 mantívose o número de persoas traballadoras respecto a 2021, producíndose un lixeiro ascenso dun 0,4 % no cadro de persoal total de COGAMI Empresarial. Este mantemento no número total de persoas traballadoras foi o equilibrio entre dúas tendencias. Por una banda, Alentae viuse na obriga de reducir nun 50 % o número de persoas traballadoras pola forte baixada na demanda de máscaras cirúrxicas, porén, empresas como Accede Social ou Dixardín, incrementaron o seu número de persoas traballadoras (nun 21 % e 20 %, respectivamente) grazas á consecución de novos contratos e servizos públicos.


En total foron 115 as persoas que comezaron a traballar en COGAMI Empresarial por primeira vez durante o 2022, o 83 % das mesmas teñen unha discapacidade recoñecida, o que nos permite seguir contribuíndo ao noso compromiso coa inclusión, a empregabilidade e a igualdade de oportunidades en Galicia.




Traballadora da tenda Pull&Bear en Ferrol.



115 NOVAS INCORPORACIÓNS



Empresas de COGAMI Empresarial	Persoas traballadoras 2021		Persoas traballadoras 2022
Accede Social	61	↑	74
Alentae	20	↓	8
Coregal	195	↓	191
Cualicar	2	↓	1
Dixardín	51	↑	61
Galega de Economía Social	24	↑	27
Grafinco	13	=	13
Hornos de Lamastelle	97	↓	92
Integratex	24	↓	22
Trameve	11	=	11
TOTAL PERSOAS TRABALLADORAS	498		500



[2-6-d]

POSTOS DE TRABAJO E UNIDADES DE NEGOCIO

O groso do persoal de COGAMI Empresarial está conformado polo categorizado como Persoal Operario¹, un 71,8 %. O resto da estrutura do persoal distribúese entre Persoal Técnico, Mandos Intermedios, con persoal a cargo, e Persoal de Dirección. Nesta última categoría englobanse tanto as Direccións corporativas, as Xerencias de cada unha das iniciativas empresariais como os postos de Dirección en cada empresa, de ser o caso.

Categorización por posto en COGAMI empresarial	Nº de persoas
Persoal Directivo	8
Xerencias	8
Mandos Intermedios	34
Persoal Técnico	91
Persoal Operario	359
TOTAL	500

¹- Debido á diversidade de sectores e actividades nos que operan as diferentes iniciativas empresariais esta denominación inclúe postos como: persoal operario de planta (Hornos de Lamastelle, Coregal e Grafínco), persoal de xardinería (Dixardín), persoal condutor (Accede Social) ou persoal auxiliar administrativo.

[2-30-a]


CONVENIOS E SALARIOS

Sabendo a heteroxeneidade das actividades nas que operan as diferentes empresas de COGAMI Empresarial, os convenios laborais de aplicación tamén son diversos. Son varias as empresas que se acollen ao Convenio de Centros Especiais de Emprego de Galicia. Porén, iniciativas como Galega de Economía Social ou Coregal aplican

o convenio sectorial que lles aplica. Hornos de Lamastelle polas súas casuísticas particulares posúe un convenio de empresa propio³.

A política salarial do Grupo artéllase en base ao convenio de aplicación, á valoración de desempeño correspondentes, á experiencia e á antigüidade da persoa traballadora.

COGAMI Empresarial (Media salarial por categoría)			
Categoría Profesional	Muller	Home	Total xeral
Persoal Operario	9.592,2 €	12.101,18 €	11.572,43 €
Persoal Técnico	14.502,17 €	16.918,34 €	15.710,25 €
Mando Intermedio	20.725,3 €	26.846,38 €	24.991,51 €
Persoal Directivo	35.787,58 €	39.301,13 €	38.191,59 €
TOTAL XERAL	12.748,64 €	14.712,33 €	13.792,91 €




²- O posto de xerencia é o de máxima responsabilidade dentro de cada iniciativa empresarial. Está ocupado por unha persoa para cada unha das iniciativas salvo no caso de Trameve e Cualicar que recae sobre a mesma persoa.

³- No Anexo 9.3 recóllense os convenios de aplicación en cada unha das iniciativas empresariais de COGAMI Empresarial.

CONCILIACIÓN


Dende COGAMI Empresarial reconecemos a importancia da conciliación laboral e a flexibilidade como valores fundamentais nos nosos Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social. Nun contexto de maior demanda social neste eido, buscamos activamente impulsar medidas que melloren a conciliación entre a vida persoal e a laboral das persoas que traballan con nós, co obxectivo de procurar un equilibrio axeitado entre estes dous ámbitos.

Neste sentido, as empresas contan con diversas medidas como permisos e licencias, que van máis alá da normativa xeral vixente e que son as que establece o Convenio Colectivo de Centros Especiais de Emprego de Galicia. Por outra banda, durante os dous últimos meses do ano, comezamos a aplicar medidas para fomentar o teletraballo, práctica que tomará forma como política interna regulada a comezos do ano 2023.




5.3


ALTO IMPACTO NOS COLECTIVOS MÁIS VULNERABLES




PERSOAS CON DISCAPACIDADE
MAIORES 50 ANOS



MULLERES CON DISCAPACIDADE



PERSOAS CON DISCAPACIDADE
MENORES DE 30 ANOS



PERSOAS CON DISCAPACIDADE
PSÍQUICA OU INTELECTUAL




5.4 FORMACIÓN

En COGAMI Empresarial, a xestión e formación do talento son elementos fundamentais para promover a mellora continua na Organización. A formación non só é importante para o crecemento persoal e profesional das persoas traballadoras; potenciar e actualizar competencias chave para seguir sendo competitivo tamén é substancial para garantir unha correcta prevención sobre os riscos laborais e o mantemento da boa saúde, un aspecto de especial relevancia nunha Organización como a nosa.

Persoal traballador COGAMI Empresarial	Media de horas de formación recibida ¹
Persoal Directivo e Xerencias	8,81 h
Mandos Intermedios	2,21 h
Persoal Técnico	10,03 h
Persoal Operario	3,75 h

¹- O cálculo para media de horas realízase atendendo ás fórmulas indicadas no GRI 404-1.



5.5

IGUALDADE DE XÉNERO

Dende COGAMI Empresarial estamos comprometidos coa igualdade; garantindo as mesmas oportunidades de acceso ao emprego e a unha retribución igualitaria, así como a eliminación de todo tipo de discriminación por razón de sexo.

Durante o 2022, continuaron desenvolvéndose as accións contempladas nos Plans de Igualdade específicos aprobados nos últimos anos en varias das empresas. Realizáronse **formacións** centradas en promover a igualdade de xénero no eido laboral e tamén se puxo a disposición das persoas traballadoras **material informativo** nos centros de traballo. Ademais, **Accede Social aprobou no mes de novembro o seu II Plan de Igualdade** que terá vixencia ata 2026 e que pretende seguir formando e sensibilizando para fortalecer aínda máis a perspectiva de xénero dentro da cultura da empresa. Un dos obxectivos que poden considerarse transversais a todo o período de vixencia do plan é o de fomentar a presenza feminina nos postos nos que poida existir desequilibrio entre o número de mulleres e homes.

Esta circunstancia é unha realidade en diferentes postos de traballo dentro da Organización. A captación de perfís femininos para traballos

tradicionalmente masculinizados (persoal operario, condución de autobuses, xardinería...) non sempre é doado. Por iso, temos o compromiso de seguir apostando pola sensibilización e capacitación dirixida a rachar cos prexuízos existentes. Neste senso, desenvólvense demaneira periódica accións formativas de sensibilización e capacitación dirixidas ás persoas que forman parte do equipo de selección, co obxectivo de que as ofertas publicadas sexan máis atractivas para as mulleres interesadas en traballar na nosa Organización.

Por outra banda, e para reforzar esta acción, tamén existen convenios cos CIM's (Centros

de Información ás Mulleres) de diferentes concellos galegos co propósito de remitirllas as ofertas emprego que publicamos, intentando incrementar a presenza feminina nos nosos equipos de traballo.

Dende xaneiro de 2021, atópase en vigor un protocolo de prevención e actuación contra o acoso laboral en todos os nosos Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social. Este protocolo ten como obxectivo establecer un procedemento para identificar de xeito claro as situacións de acoso laboral, poder tramitar as denuncias e adoptar medidas para canalizar e xestionar de forma axeitada calquera situación deste tipo.



Conductora de autobús de Accede Social.

Aprobados 5 Plans de Igualdade

Accede Social, Coregal, Dixardín, Galega de Economía Social e Hornos de Lamastelle.



5.6

SEGURIDADE E SAÚDE


A seguridade e a saúde vinculada ao posto de traballo é un elemento de vital importancia en COGAMI Empresarial á hora de afrontar o obxectivo de xerar emprego de calidade e inclusivo. Centrámolos en identificar aqueles potenciais riscos para a saúde das nosas persoas e traballamos para deseñar, adaptar e aplicar as medidas máis rigorosas que garantan o benestar físico e psicosocial de todas as persoas. Por este motivo, entre as medidas de prevención e a planificación interna da mellora da saúde das persoas traballadoras, tamén realizamos unha avaliación de riscos psicosociais.

Este proceso de identificación e adaptación das accións correctoras é unha peza imprescindible para a inclusión das persoas que poidan ter unhas necesidades específicas, permitíndolles desenvolver as súas tarefas de maneira axeitada e segura.

As empresas realizan a identificación de perigos, avaliación de riscos e investigación de incidentes de dous xeitos:

Unha persoa auxiliar/técnica da propia empresa, cuxa actividade é a de xestionar as cuestións básicas relativas á PRL (identificación de perigos, coordinación de actividades, investigación de accidentes leves, organización da formación/información de PRL e a organización da vixilancia da saúde das persoas traballadoras), informando ao Servizo de Prevención alleo daquelas cuestións que poidan variar a avaliación de riscos inicial, para que realice unha nova avaliación das mesmas e modifique a documentación relativa.

Subcontratando un Servizo de Prevención alleo á empresa que se encargue da realización da documentación necesaria de PRL (Plan de Prevención, avaliación de riscos, planificación da actividade preventiva, revisión dos perigos e riscos detectados polo persoal auxiliar/técnico da empresa).



Con carácter xeral, todas as nosas empresas contan cun Servizo de Prevención alleo que realiza un recoñecemento médico a cada persoa traballadora. Este servizo emite cada ano unha memoria epidemiolóxica, que nos permite coñecer o estado da saúde xeral e previr ou detectar se existe algunha patoloxía vencellada ás condicións de traballo. Este Servizo de Prevención alleo, tamén se encarga de realizar as formacións iniciais sobre riscos e medidas preventivas. O 100 % das persoas traballadoras reciben esta formación, e así mesmo, tal e como é preceptivo por lei, todas elas tamén posúen información necesaria para o desenvolvemento das tarefas relativas ao seu posto de traballo.

COGAMI Empresarial tamén conta cun equipo interno de Prevención de Riscos Laborais que utiliza un sistema de xestión da seguridade e a saúde baseado na ISO: 45001 nas empresas a pesares de non estar certificadas nese estándar. Este sistema é unha forma de ordear e poder realizar un seguimento de todas as actividades realizadas nas empresas como pode ser a formación de posto de traballo, formación específica ou a revisión periódica do estado das instalacións. De maneira particular e pola súa actividade, Coregal conta coa certificación ISO 45001 sobre seguridade e saúde no traballo, sendo auditada anualmente de forma externa.

[403-1, 403-2, 403-3, 403-4, 403-5, 403-8]

Por unha banda, cada empresa conta cos servizos dunha mutua. A parte da atención médica ante calquera accidente laboral, a mutua, tamén realiza estatísticas de accidentabilidade e absentismo, o que proporciona información moi valiosa á hora de continuar implementando melloras dirixidas a garantir o benestar das persoas traballadoras.

	Índice incidencia ATCB ¹ % Total	Índice incidencia ATCB % Mulleres	Índice incidencia ATCB % Homes
Accede Social	5,51 %	4,05 %	1,35 %
Coregal	13,68 %	0,52 %	13,09 %
Dixardín	15,52 %	0 %	14,75 %
Galega de Economía Social	3,78 %	3,70 %	0 %
Grafinco	24,15 %	0 %	23,08 %
Hornos de Lamastelle	9,70 %	3,26 %	6,52 %
Trameve	14,81 %	0 %	15,38 %

¹– O índice de incidencia ATCB%: é % de accidentes de traballo con baixa respecto ao número total de persoas traballadoras.

²– O índice de frecuencia é o número de accidentes en xornada de traballo con baixa acontecidos por cada millón de horas traballadas. Estos datos están calculados en base ao número de persoas traballadoras por empresa.

³– O índice de gravidade representa o número de xornadas non traballadas a causa dos accidentes acontecidos en xornadas de traballo, por cada mil horas traballadas. Estos datos están calculados en base ao número de persoas traballadoras por empresa.

A continuación, recóllense datos relativos ás empresas nas que durante o 2022 se produciu algún accidente. Durante o ano déronse un total de 53 accidentes con causa de baixa, todos eles coa consideración de leves.

EMPRESAS	Índice de frecuencia ²	Índice de gravidade ³
Coregal	81,02	4,03
Dixardín	91,83	8,66
Trameve	87,3	36,71
Grafinco	138,98	14,45
Accede Social	38,34	6,74
Alentae	0	2,36
Integratex	0	2,21
Galega de Economía social	23,31	2,98
Hornos de Lamastelle	56,83	4,8

CAPÍTULO 6


Gobernanza



ÓRGANOS DE GOBERNO

A estrutura de gobernanza do Grupo COGAMI Empresarial é a seguinte: existe un Consello de Administración que é o órgano de representación e administración. O 24 de agosto de 2022, Víctor Silva Suárez, pasou a substituír a Ramón Sestayo Lestón como conselleiro delegado e secretario de devandito consello. Segundo os estatutos do Grupo, ningún dos postos que compoñen o Consello de Administración é remunerado.

A nivel operativo, son seis as Direccións Corporativas existentes en COGAMI Empresarial, e nas que se dá paridade de xénero. Ademais cada unha das empresas conta cunha xerencia e o 22 % destes postos están ocupados por mulleres.



Consello de Administración do Grupo COGAMI Empresarial

Presidente:
Anxo Queiruga Vila

Conselleiro delegado e secretario:
Víctor Silva Suárez
Substitúe a Ramón Sestayo Lestón



Vicepresidente:
Álvaro García Bustelo

Vogal:
Ramón Sestayo Lestón

Vogal:
José Luis Costoya Quintela

Vogal:
José Luis Lolo Celeiro

Vogal:
Paulo Fontán Torreiro



[2-9-a, 2-9-b, 2-9-c, 405-1]

6.2 ORGANIGRAMA

Presidencia

Presidente

ANXO QUEIRUGA

Consello de administración

Conselleiro delegado

VÍCTOR SILVA

Vogal

PAULO FONTÁN

Vogal

JOSÉ LUÍS COSTOYA

Vicepresidente

ÁLVARO GARCÍA

Vogal

JOSÉ LUÍS LOLO

Vogal

RAMÓN SESTAYO

Persoal directivo

Director
xurídico

JUAN ACEVEDO

Director
financieiro

JUAN SUÁREZ

Directora
de negocio

ROSA M^a GUTIÉRREZ

Directora
de comunicación

MARÍA ACUÑA

Directora
de RR.HH.

ANA ÁLVAREZ

Director de sistemas e
tecnoloxías da información

DAVID PESQUEIRA

Xerencias

ACCEDE SOCIAL

SILVIA ALENDE

ALENTAE

HERMINIO MARTÍNEZ

COREGAL

ANTONIO PENA

DIXARDÍN

CARLOS IGLESIAS

GRAFINCO

ALEJANDRO ROUCO

HORNOS
LAMASTELLE

MANUEL SANTOS

INTEGRATEX

MARÍA VIZCAÍNO

TRAMEVE E
CUALICAR

LUÍS PENIDO

ÉTICA E BO GOBERNO




Dende o ano 2018, COGAMI e o seu grupo de empresas conta cun **Programa de Cumprimento Normativo** (*Corporate Compliance*), a través do cal a nosa Organización se adapta ás esixencias introducidas pola última reforma do Código Penal¹ en relación coa responsabilidade penal das persoas xurídicas.

O **Código de Conduta** ten por peza basilar o principio de dilixencia debida, é dicir, que cada quen, na súa responsabilidade, deberá facer todo o que estea nas súas mans para previr, denunciar e erradicar calquera tipo de conduta contraria a dereito ou que dane os seus contidos ou os do Código Ético. A tal fin, este Código dispón dun conxunto de principios fundamentais que rexen o xeito no que a Organización desempeña as súas tarefas. Para acadar ese obxectivo, o Programa de Cumprimento Normativo de COGAMI apóiase nos seguintes instrumentos:

- Un Manual de prevención e resposta ante o delito que inclúe, dunha banda, a análise de riscos penais relativos ás distintas áreas de actividade da nosa Organización, coa valoración da súa potencial gravidade e as súas consecuencias xurídicas (mapa de riscos); e, doutra banda, medidas e protocolos de prevención e resposta ante delitos e graves infraccións administrativas.

- Normas, protocolos e procedementos de actuación específicos para cada ámbito de actividade.
- Sistema de Xestión Informatizada do Cumprimento (SXIC), que permite individualizar responsabilidades mediante o seguimento dos procesos de decisión e capturar evidencias, acoutando os espazos de actuación responsable.
- Un Comité de Cumprimento Normativo e unha canle de denuncias.
- A formación continua da directiva, as persoas con mandos intermedios, as persoas traballadoras e colaboradoras.



¹– Lei Orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal.

Número de incidencias recibidas durante o ano 2022: **19**

Este **Programa de Cumprimento Normativo** conta coa aprobación e o respaldo da Xunta Directiva, abrangue a toda a Organización e está a disposición pública na propia web de COGAMI¹. Nel establécese o compromiso e procedementos de dilixencia debida en canto a: o respecto aos Dereitos Humanos e dereitos fundamentais das persoas traballadoras, en especial á inclusión laboral das persoas con discapacidade; a oposición a calquera tipo de discriminación por razón de discapacidade, sexo, raza, etnia, orientación sexual, relixión, lingua, posición ideolóxica ou nacionalidade; o compromiso de cumprir as normas e os protocolos de seguridade e saúde no traballo; o firme rexeitamento do branqueo de capitais e a utilización de paraísos fiscais; e a integridade que se debe manter nas relacións económicas e comerciais así como as relacións con outros organismos e entidades públicas.

Por unha banda, contamos cun **Protocolo contra o acoso**, que recoñece: o dereito á igualdade, á dignidade da persoa, ao libre desenvolvemento da personalidade así como á non discriminación no traballo. As empresas de COGAMI Empresarial están obrigadas a garantir a seguridade e saúde das persoas traballadoras adoptando cantas

medidas sexan necesarias a tal fin. Este protocolo pretende dar resposta ás necesidades que poidan ser detectadas na Organización, e contar cun instrumento que permita previr condutas susceptibles de ser consideradas como: acoso laboral, sexual ou por razón de sexo no ámbito laboral; nos casos que se produzan denuncias por tal motivo, dando así cumprimento ao deber que como entidade temos de detectar e avaliar os riscos no traballo, establecendo o procedemento de actuación que permita aclarar a presenza dun presunto acoso adoptando as medidas preventivas ou reparadoras oportunas.



¹– Enlace ao Programa de Cumprimento Normativo: <https://www.cogami.gal/conecenos/modelo-xestion/programa-de-cumprimento-normativo-canal-responsable/>

ASPECTOS MATERIAIS


Durante o último período de 2022, COGAMI Empresarial realizou a súa segunda análise de materialidade, ferramenta que permite identificar aspectos chave para a Organización coa finalidade de seguir mellorando na súa xestión.

Este traballo realizouse a partir das novas recomendacións realizadas pola propia *Global Reporting Initiative* e a *European Financial Reporting Advisory Council* (EFRAG) que propoñen avanzar cara a unha análise da dobre materialidade nas organizacións. Deste xeito, ademais de coñecer a importancia que teñen para os nosos Grupos de Interese determinados aspectos relacionados coa actividade de COGAMI Empresarial, tamén se realizou unha valoración dos riscos materiais asociados que estes mesmos aspectos representan na actividade do propio Grupo.


PROCESO DE REALIZACIÓN DA ANÁLISE DE MATERIALIDADE

Para a realización desta análise, tivéronse en conta tanto os impactos positivos como negativos da Organización no medio ambiente, as persoas, a economía e a sociedade en xeral. Debe terse en conta que, a análise de materialidade realizada fai referencia a COGAMI Empresarial como conxunto

de empresas, recollendo os principais aspectos relevantes que afectan a todas as unidades de negocio de forma transversal, pero tamén a aqueles asuntos que, polo sector e modelo de negocio propio dalgunhas das empresas teñen unha especial relevancia específica¹.




¹ Ver anexo 9.1: Peso específico dos aspectos materiais por unidade de negocio.



[3-1-a, 3-2-b, 3-3-c, 3-3-d]

Matriz de dobre materialidade de COGAMI Empresarial



[3-2-a]

CAPÍTULO 7


Contribuímos
a xerar valor




GRUPOS DE INTERESE

Como Organización que forma parte da gran familia da Economía Social, co obxectivo final de xerar impactos positivos na sociedade, é de vital importancia para COGAMI Empresarial ter identificados e coñecer aqueles actores cos que as nosas relacións son máis estreitas e interdependentes, así como promover unha comunicación bidireccional que permita o intercambio fluído de información cos nosos Grupos de Interese.

Os soportes e as canles de comunicación que usamos son variados e de distinta índole, dependendo do contexto, e con quen nos relacionemos, algúns exemplos son: o diálogo permanente (reunións periódicas), a implantación dun sistema de cumprimento normativo (*Compliance*) - cunha canle propia de denuncias-, o portal da/o empregada/o e boletíns de noticias, enquisas, entrevistas e grupos de discusión, participación en foros, ademais desta memoria.



Perfil	Definición	Canle de comunicación
Persoas traballadoras	Todas as persoas que forman parte de COGAMI Empresarial, ben sexa dentro da estrutura das nosas empresas ou realizando actividades para terceiros.	Boletín de noticias Portal da/o empregada/o Canle de denuncias Espazos de consultas e demandas (enquisas, entrevistas, grupos de discusión)
COGAMI SOCIAL	COGAMI Empresarial está vencellada de forma directa co movemento asociativo de COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade), entidade social, que ten como obxectivos: a plena inclusión das persoas con discapacidade e a defensa e promoción dos seus dereitos, sendo a creación de emprego a panca esencial para o cambio social.	Consello de Administración Reunións periódicas Servizo de Emprego de COGAMI (SIL: Servizo de Intermediación Laboral)
Administracións públicas	Entidades públicas de diferentes niveis coas que temos relación á hora de incidir sobre a mellora da realidade das persoas con discapacidade.	Reunións periódicas Consultas técnicas
Familias	A realidade dalgunha das persoas que traballan con nós fai que o contacto coas súas familias sexa algo imprescindible, alén da relación laboral, para que a mellora na súa calidade de vida sexa real.	Reunións periódicas
Cientes	Calquera persoa ou entidade, pública ou privada, que adquira un produto ou servizo xerado por algunha da nosas empresas.	Reunións periódicas Entrevistas de valoración Canle de denuncias Memoria anual Redes sociais
Alianzas e colaboracións	Entidades ou organizacións coas que xorden alianzas coa finalidade de crear valor compartido para as diferentes partes.	Reunións periódicas Memoria anual
Ecosistema da Economía Social	Agrupacións e asociacións vencelladas á economía social coas que compartimos obxetivos e fins comúns como a Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Ánimo de Lucro (CEGASAL) e o Foro pola Economía Social Galega.	Reunións periódicas Memoria anual Participación en foros e eventos
Centros de coñecemento	Principalmente universidades e centros tecnolóxicos ou de investigación coas que se dan accións de transferencia de coñecemento.	Participación en foros e eventos Memoria anual Convenios de prácticas
Empresas provedoras	Empresas ás que os diferentes CEEIS mercan ou contratan os seus servizos.	Reunións periódicas Canle de denuncias Memoria anual




7.2

REDE DE CREACIÓN DE VALOR

Como grupo empresarial buscamos promover a inclusión e xerar impacto positivo na nosa comunidade. Por este motivo, para nós, tamén é vital complementar esta tarefa de sensibilización e normalización a través das actividades que realizamos con outras institucións e entidades da economía social co obxectivo final de construír unha sociedade máis xusta e diversa. Por iso, é habitual a formalización de convenios de colaboración, a participación en foros e a promoción de proxectos conxuntos coa sociedade civil, entidades públicas, centros educativos e de coñecemento, así como con outras iniciativas privadas, fomentando a creación de valor e coñecemento conxunto.


A colaboración con centros formativos e de coñecemento tamén é algo habitual na nosa Organización. Esta dinámica, que sempre aporta unha gran riqueza para ambas as dúas partes, posibilitou que acollésemos en diferentes períodos formativos a un total de 19 persoas.

[2-8, 2-8-b]



Este ano mantivemos acordos de colaboración cos seguintes centros formativos, agrupacións, e asociacións:

- **Universidade de Santiago de Compostela.**
- **E.F.A. Fonteboa centro de promoción rural.**
- **Cáritas.**
- **UTE EDUCATIC GAP PUE SL.**
- **Cruz Vermella.**
- **CERMI Galicia.**
- **Universidade da Coruña.**



7.3

2022: UN ANO DE ACTIVIDADE SOCIAL

FEBREIRO

Galega de Economía Social participa no grupo de traballo "Economía circular e xestión de residuos" organizado por FOROESGAL

MAIO

Participación de Galega de Economía Social no congreso organizado por EASPD "O papel da economía social" no Zagreb



XULLO

Coregal participa na xornada: "Identificación de oportunidades de financiación para proxectos colaborativos e circulares" organizada por VIRATEC

O departamento de RR.HH. de GES participa na clausura da "I Edición do programa #XuventudeMentoring" organizada polo Consorcio Interuniversitario de Galicia



MARZO

Coregal participa no documental "Boiro, co mar da man"

Galega de Economía Social participa na "III Semana Universitaria da Economía Social" organizada pola CECOOP

Coregal e Trameve reciben a visita institucional do presidente da CEG e CEGASAL

XUÑO

Galega de Economía Social, Coregal e Trameve reciben a visita de Ana Pontón e parte do seu equipo do BNG



Charla no IES Pontepedriña, "Integración laboral das persoas con discapacidade e economía social" - GES e COGAMI Social

XULLO

Hornos de Lamastelle participa na "Gran Festa da Empanada" organizada por CC. As Canceiras



2022

OUTUBRO

Trameve participa na xornada **"Compostela, somos cultura"** en **Santiago de Compostela**, capital española da Economía Social en 2022

Participación de **Galega de Economía Social e Accede Social** na xornada: **"Políticas activas de emprego con perspectiva de xénero"** en colaboración coa **Universidade de Santiago** da man da **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**

Galega de Economía Social participa no grupo de traballo **"Análise das políticas de emprego"** organizada pola **CECOOP**

NOVEMBRO

O departamento de **RR.HH. de GES** participa na **"I Feira Virtual de Emprego"** organizada por **Talentia Summit**



Participación de **Coregal** na xornada **"Conversas ao redor da #COP27"** organizado por **VIRATEC** en colaboración con **Nordés Club Empresarial**



SETEMBRO

Galega de Economía Social comeza a participar no programa **"Responsabilízate"** organizado pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**

Galega de Economía Social participa na **"Mesa pola contratación socialmente responsable"** organizada por **CEGASAL** e a **Deputación de Lugo**

Grafenco recibe a visita de **Elena Candia**, candidata á alcaldía do PP en **Lugo**

OUTUBRO

Participación de **Galega de Economía Social** no congreso organizado pola **EASPD**: **"Calidade de vida e servizos sociais: das palabras á acción"** celebrado en **Malta**



NOVEMBRO

Participación de **Trameve** na mesa redonda **"Experiencias e situación da iniciativa emprendedora en Galicia"** celebrada no marco da presentación do **"Informe Executivo GEM Galicia 2021-2022"** da **Universidade de Santiago de Compostela** en colaboración coa **Xunta de Galicia**



7.4

O NOSO COMPROMISO AMBIENTAL

Dende COGAMI Empresarial traballamos día a día co propósito de contribuír a xerar unha sociedade mellor para todas as persoas. O noso compromiso social é firme, pero tamén traballamos co obxectivo de reducir o impacto ambiental da nosa actividade, xerar contornas máis saudables e promover comportamentos sostibles e respectuosos co medio. O propio Código de Conduta da Organización establece que as políticas a aplicar dentro das diferentes empresas deben estar fundamentadas nos principios do desenvolvemento sostible.

Neste sentido, en COGAMI Empresarial contamos con empresas nas que a propia actividade principal está vinculada directamente a eidos como a economía circular, a reciclaxe e a reutilización de materiais ou a xestión e coidado de espazos verdes. É o caso de **Coregal**¹, centrado na xestión e valorización de residuos non perigosos, especialmente cartón e plástico, pero que tamén realiza servizos de recollida da quinta fracción (orgánica) ao tempo que leva a cabo campañas de sensibilización ambiental.

Por outra banda, **Trameve**, basea o seu modelo de negocio en dar unha segunda vida ás pezas de vehículos fóra de uso garantindo, en todo momento, o correcto tratamento ambiental destes automóbiles no fin da súa vida. Por último, destacar o labor de **Dixardín**, dedicado á xestión, mantemento e conservación de zonas verdes. Estas tres empresas contan coa certificación ISO 9001, que establece o sistema de xestión da calidade, e a ISO 14001, que fixa o sistema de xestión medioambiental.



Tanto Trameve Coregal como Dixardín contan coa certificación **ISO 14001** en Sistemas de Xestión Ambiental. Ademais, Grafenco conta coa **certificación FSC** que garante a sostibilidade do papel e cartón que utiliza como materia prima.

¹- Máis do 99 % dos residuos que xestiona Coregal ao ano son residuos non perigosos. A empresa recolle e traslada a xestor autorizado 64,71 toneladas de Residuos de Aparatos Electrónicos (RAE's) ao ano. Esta tipoloxía de residuo está considerado perigoso.

ALGUNHAS CIFRAS VINCULADAS Á
XESTIÓN DE MATERIAIS E RESIDUOS




Coregal xestiona

37.246,44 Tn.
de residuos ao ano



O **86 %** dos residuos
xestionados por Coregal
valorízanse




Tn. VALORIZADAS POR COREGAL POR TIPO DE RESIDUO

63




VFU (Vehículos Fóra de Uso)
xestionados

437 vehículos



Pezas vendidas

11.019 unidades



RESIDUOS XESTIONADOS POR ECOPLANTA



Residuos non perigosos
xestionados **434,56 Tn.**



Residuos perigosos
xestionados **6,52 Tn.**

[2-15-a, 306-4]

COMPROMISO EN MINIMIZAR O IMPACTO AMBIENTAL

Tanto en Europa como en España, atopámonos nun momento no que se está a producir unha aceleración na aprobación de normativas e regulacións de carácter ambiental que marcan a folia de ruta cara á que debemos transitar de cara a construír unha sociedade máis sostible. Neste contexto, como Organización, non só debemos adaptarnos a estes novos requirimentos, senón ir máis alá, e continuar promovendo actuacións tanto dentro como fóra de COGAMI involucrando ao persoal traballador, empresas clientes e provedoras e entidades colaboradoras, co propósito de mellorar a eficiencia e diminuír a pegada ambiental da nosa actividade. Durante o 2022, COGAMI Empresarial traballou nun proceso de reflexión estratéxica que marcará os obxectivos e prioridades da Organización para os vindeiros catro anos. No marco deste plan estratéxico, acordouse aprobar unha Política de Sostibilidade unida a un Plan de Acción. Esta actuación ten como obxectivo ordear todo o que as diferentes empresas xa están realizando de cara a reducir o seu impacto ambiental, así como priorizar e

establecer liñas de actuacións comúns en todo COGAMI.

Baixo este compromiso de mellora, durante o 2022 realizamos o estudo da Pegada de Carbono


en tres empresas do grupo (Coregal, Dixardín e Accede Social¹). Temos o propósito de ampliar este cálculo a outras iniciativas nos vindeiros exercicios. Trátase de medir para poder actuar, e así traballar para mellorar a eficiencia enerxética nas distintas actividades.



Para o cálculo da pegada de carbono tivéronse en conta as emisións de Alcance 1 e 2:

- **Alcance 1 (Emisións Directas):** Emisións debidas á combustión de gasoil en vehículos ou outros motores de combustión. Tamén se inclúen aquí as emisións fuxitivas derivadas das recargas de gases de refrixeración.
- **Alcance 2 (Emisións Indirectas):** Consumos eléctricos nos centros de traballo.

¹- A metodoloxía utilizada para o cálculo da pegada de carbono realizouse baixo o Enfoque de Control no cal a empresa contabiliza o 100 % das súas emisións de GEI atribuíbles ás operacións sobre as cales ten control. Os factores de emisión utilizados para o cálculo son os proporcionados polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.



As empresas do Grupo con maior consumo enerxético son Hornos de Lamastelle e Coregal, principalmente polo uso de maquinaria industrial nos seus procesos.

Tipo de emisión calculada en Tn. de CO ₂ (% representativo do total)	EMPRESA		
	Dixardín	Accede Social	Coregal
 Alcance 1 ou emisión directa	146,52 (98,9 %)	156,81 (98,7 %)	1.430,45 (90,8 %)
 Alcance 2 ou emisión indirecta	1,57 (1,1 %)	2,05 (1,3 %)	145,43 (9,2 %)
TOTAL	148,09	158,86	1.575,88

Tras o primeiro cálculo, realizado con datos relativos ao 2021, como accións de mellora para os vindeiros catro anos expóñense as seguintes accións coas que se espera acadar unha redución media do 13 % nas emisións directas e indirectas.

Plan de mellora 2022-2025:

- Realizar campañas de sensibilización e eficiencia enerxética para todo o persoal traballador.

- Revisar as instalacións e instalar climatización por aerotermia e a colocación de paneis solares.
- Adquirir vehículos eléctricos e maquinaria eléctrica segundo as necesidades de cada empresa.

A finais de 2022¹, Coregal comezou coa instalación de paneis fotovoltaicos en dúas das súas ecoplantas, Boiro e Santiago de

Compostela. A capacidade de xeración de enerxía prevese que sexa de 95,85 Kwp na planta de Santiago e de 36 Kwp na de Boiro para acadar un nivel de autoconsumo dun 35,2 % e un 34 % respectivamente. Espérase que esta actuación reduza a pegada de Coregal aproximadamente nunhas 55.000 Tn. de CO₂.

Pegada de Carbono por persoa e empresa

Dixardín	Accede Social	Coregal
3,02	2,61	8,29

tCO₂eq/persoa/ano



¹ Para a súa instalación recibíuse o apoio das axudas para tal fin promovidas polo INEGA (Instituto Enerxético de Galicia).

CÁLCULO DE NOSO VALOR SOCIAL

A contabilidade social¹ permítenos medir o valor social que xeramos na nosa contorna, calculando en euros o impacto positivo que producimos nos nosos grupos de interese.

En 2019, COGAMI Social comezou a medir o seu valor social². A esta inxerencia uniuse COGAMI Empresarial no 2020 e, durante o 2021, procedeuse a realizar un cálculo integrado de COGAMI, ámbito social máis ámbito empresarial. Tamén en 2021, **comezamos a medir o valor social nas nosas entidades** para así coñecer con máis detalle o valor que achega cada unha delas³.

Coa contabilidade social obtemos unha **conta de resultados social**, que nos permite ver máis aló do balance económico tradicional: por exemplo, para coñecer a evolución anual do valor social xerado ou canto achegamos a cada un dos nosos grupos de interese. Isto permítenos pór en valor todos aqueles impactos positivos xerados máis alá da propia actividade de cada empresa.

A nosa contabilidade social agrúpase en dúas grandes categorías:

Valor social de mercado: transaccións ou relacións que teñen como contrapartida un gasto ou ingreso e que son recollidas nas contas financeiras. *Por exemplo: os salarios e os impostos que pagamos. Pero tamén transaccións económicas indirectas como os salarios ou impostos que pagan os nosos provedores coas nosas compras.*

Valor social de non mercado: achegas de valor que non teñen como contrapartida un gasto ou ingreso e que non están recollidas nas contas financeiras. Isto permítenos calcular en euros gran parte dos efectos positivos que xeramos e así facelos máis visibles. *Por exemplo: facilitar a creación de emprego ou o salto ao emprego non protexido, a normalización e visibilidade da discapacidade no mundo empresarial ou os aforros á administración (como o aforro en prestacións non contributivas).*

Da combinación das dúas anteriores obtemos o **valor social integrado**.

Administracións públicas	3.155.559 €
Persoas traballadoras	6.140.014 €
Cientes	15.938.993 €
Provedores	2.493.960 €
COGAMI Social e Empresarial	40.610 €
Retido polas empresas	1.848.476 €
Familias das persoas traballadoras	26.400 €
Ecosistema da economía social	- 7.066 € ⁴
Entidades financeiras	161.128 €

¹– Seguimos o *Modelo Politédrico de Contabilidade Social* (máis información), desenvolvido polas Universidades de Deusto e do País Vasco e promovido por GEAccounting.

²– <https://www.cogami.gal/conecenos/transparencia/valor-social/>


³– Facémolo no marco do proxecto Unidade Valor Social, no que participan 6 CEEIS de COGAMI Empresarial e que esta cofinanciado polo FSE e convocado por CEPES.

⁴– As cifras en negativo son reflexo do impacto na redución de postos de traballo en Alentae.

VALOR SOCIAL PARA O EXERCICIO 2022



Efecto multiplicador:



VALOR SOCIAL XERADO COMPARADO CO
FINANCIAMENTO PÚBLICO E A CIFRA DE NEGOCIOS (2022)


Valor social xerado polas seis empresas aos
seus Grupos de Interese **2022**

Por cada euro ingresado, achegaron

1,71 € á sociedade

Por cada euro de financiamento público,

achegaron **12,95 €** á sociedade



VALOR SOCIAL XERADO EN 2022
COMPARADO CO XERADO EN 2021



Instalacións de Grafínco.

7.6

CONTRIBUÍNDOL AOS OBOECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

En COGAMI Empresarial apostamos pola responsabilidade social e a sostibilidade. A nosa misión de contribuír a unha sociedade máis inclusiva a través do emprego das persoas con discapacidade en Galicia está intimamente ligada aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) das Nacións Unidas, porén a nosa contribución pretende ir máis aló: favorecendo a igualdade de xénero e oportunidades, a produción e o consumo responsable, traballar para reducir o impacto ambiental das nosas actividades empresariais, ou o fomento de alianzas para xerar impactos positivos na comunidade.

Dos 17 ODS, contribuímos de forma especialmente activa a varios dos obxectivos marcados e que tamén serven de guía á hora de abordar cuestións estratéxicas dentro da Organización:

¹ Os plans de Igualdade son de obrigada implantación só nas empresas de máis de 50 persoas traballadoras. De xeito normativo, só teríamos o deber de telos en 5 das mesmas.


ODS	Meta	Contribuímos
 5 IGUALDAD DE GÉNERO	META 5.5: Asegurar a participación plena e efectiva das mulleres e a igualdade de oportunidades de liderado a todos os niveis decisorios na vida política, económica e pública.	- Existencia dun Protocolo contra o acoso en toda a Organización. 5 das nosas empresas contan cun Plan de Igualdade. - A metade das Direccións corporativas están ocupadas por mulleres. 22 % das Xerencias ocupadas por mulleres. - Realízanse convenios cos CIM's para impulsar a incorporación de perfís femininos.
 7 ENERGÍA ASEQUIBLE Y NO CONTAMINANTE	META 7.2: De aquí ao 2030, aumentar a proporción de enerxía renovable no conxunto de fontes enerxéticas.	- Instalación de placas fotovoltaicas en dúas ecoplantas de Coregal: Santiago de Compostela e Boiro. O nivel de autoconsumo será dun 35,2 % e un 34 % respectivamente. - Primeiro vehículo eléctrico no parque de vehículos de Coregal. - Comezamos o cálculo da Pegada de Carbono en Accede Social, Coregal e Dixardín co obxectivo de medir os consumos, mellorar na eficiencia e traballar en reducir o noso impacto medioambiental. Esta acción extenderase a outras empresas da Organización proximamente.

[2-23-a]

ODS	Meta	Contribuímos
 8 TRABAJO DECENTE Y CRECIMIENTO ECONÓMICO	META 8.2: Acadar niveis máis elevados de produtividade económica a través da diversificación, a modernización tecnolóxica e a innovación, entre outras cousas focalizándose nos sectores con gran valor engadido e un uso intensivo da man de obra.	- Hornos de Lamastelle participou no proxecto promovido por CLUSAGA chamado <i>Photonics4Bakery</i> para mellorar a eficiencia de detección de improprios nas liñas de produción. - Coregal potenciou acordos comerciais con distintas empresas fabricantes e provedoras de solucións de sensotrónica. Grazas a este traballo, instalou 400 sensores volumétricos en colectores de Santiago de Compostela.
	META 8.4: Mellorar progresivamente, de aquí ao 2030, a produción e o consumo eficientes dos recursos mundiais e procurar desvincular o crecemento económico da degradación do medio ambiente, conforme ao Marco Decenal de Programas sobre modalidades de Consumo e Producción Sostibles, comezando polos países desenvolvidos.	- Coregal contribúe a valorizar: 37.246,44 Tn. de residuos. - Trameve: 11.019 pezas teñen unha segunda vida. - Trameve, Coregal e Dixardín posúen a certificación ISO 14001 en Sistemas de Xestión Ambiental. - Grafenco posúe o certificado FSC que garante que a materia prima coa que traballa provén de bosques sostibles.
	META 8.5: De aquí ao 2030, acadar o pleno emprego e produtivo e o traballo decente para todas as mulleres e os homes, incluídos as/os mozas/os e as persoas con discapacidade, así como a igualdade de remuneración por traballo do mesmo valor.	- COGAMI Empresarial conta con 9 iniciativas empresariais nas que traballamos 500 persoas. - En 2022, 115 persoas comezaron a traballar en COGAMI Empresarial; o 83 % son persoas con discapacidade.
 10 REDUCCIÓN DE LAS DESIGUALDADES	META 10.2: De aquí ao 2030, potenciar e promover a inclusión social, económica e política de todas as persoas, independentemente da súa idade, sexo, discapacidade, raza, etnia, orixe, relixión ou situación económica ou outra condición.	- O 87 % das persoas que traballa en COGAMI Empresarial ten algún tipo de discapacidade recoñecida. - O 25 % das persoas que traballan en COGAMI Empresarial son persoas maiores de 50 anos con algún tipo de discapacidade. - En todo COGAMI Empresarial existen as figuras de “Unidades de apoio”, que ofrecen acompañamento a aquelas persoas traballadoras que o precisan.


[2-23-a]

ODS	Meta	Contribuímos
